

TEXTOS FUNCIONAIS



@amaxiadeaprender

ESTE MATERIAL PODE SER UTILIZADO PARA USO PESSOAL OU NA SÚA AULA, NINGUNHA PARTE DA PUBLICACIÓN PODE SER REPRODUCIDA, DISTRIBUÍDA OU TRANSMITIDA SEN O PERMISO CONSENTIDO DA AUTORA. ISTO INCLÚE A PUBLICACIÓN DESTE MATERIAL EN INTERNET DE CALQUERA DAS FORMAS, INCLUÍDOS SITIOS WEB PERSOAIS, DE CLASE OU REDES SOCIAIS.

BY: @AMAXIADEAPRENDER



CRÉDITOS





MERCADONA, S.A. A-ε71.383ε

RUA DO VISO 1 32002
OURENSE

TELÉFONO: 988242668

01/04/2024 16:34 OP: 166527

FACTURA SIMPLIFICADA: 3285-015-248909



Descripción	P. Unit	Import
2GARABANZO M.COCIDO	0,65	e 1,30
1LAVAVAVAIXELAS ULTRA		1,10
1CHAMPIÑON LAMINADO 1		1,80
1GARRÓN XAMON SERRANO		1,10
1ACEITUNA SUAVE P3		2,98
1ARANDO 225 GR		1,80
1NATA PARA COCIÑAR		2,99
1AZUCRE MORENO		1,75
1 FRESÓN		1,60
1GREGO AZUCRE CAÑA		2,01
1RAVIOLI REQ.ESPINACA		1,65
1PAN SEM E P CABAZA		1,72
1PAN DE PUEBLO		1,75
1 PLATANO		

0,954 kg 2,15 €/kg 2,05

TOTAL (€) **27,20**
TARXETA BANCARIA **27,20**

IVA	BASE IMPONIBLE (€)	CUOTA (€)
0%	8,65	0,00
5%	1,64	0,08
10%	14,30	1,43
21%	0,91	0,19
TOTAL	25,50	1,70

TARX. BANCARIA: **** * 7920

N.C: 003812609 AID:
A0000000041010

AUT: 096256
ARC: 3030



MASTERCARD
Importe: 27,20 €

Mastercard

 **MERCADONA**
800 500 220

ADMITENSE DEVOLUCIONS CON TICKET

@amaxadeaprender



ANALIZAMOS UN TICKET DA COMPRA

Mira con atención o ticket e responde:

1. Que tipo de texto é?

- Un conto
- Unha factura / ticket
- Unha noticia
- Unha entrada

2. De que tenda é o ticket? _____

3. En que data se fixo a compra? _____

4. Que información aparece na parte superior do ticket? _____

5. Escribe 5 produtos que aparecen no ticket:

6. Hai produtos de alimentación? Pon dous exemplos: _____

7. Hai algún produto de limpeza? Cal? _____

8. Cal é o prezo total da compra? _____

9. Canto custa o produto máis caro? _____

10. Canto custa o produto máis barato? _____

11. Como pagaron esta compra con tarxeta ou efectivo, como o sabes?

12. Cres que é unha compra grande ou pequena? Por que?

13. Que produto cres que é máis saudable?

14. Que produto quitarías da compra? Explica: _____



TICKET DA COMPRA

Imaxina que es a persoa que fixo esta compra. Escribe un pequeno texto explicando:

- Para quen é a compra
- Que vas cocifrar
- Por que escolliches eses produtos

ZARA



ZARA-CC.PONTEVELLA, L.A36 - OURENSE

13/12/2025 17:11 90252 Trans: 40081
V153-01/069886

DATA Expedición/Operación: 13/12/2025

TSP	IMP	UD	PREZO	IMPORTE	T
TWR21,00	1		35,95	35,95	V
10001899	0623611780303		CHAQUETA		

TotalNeto		29,71
IVE21,00%		6,24

TOTAL 1 35,95

Tarxeta online 35,95€

VENTA
CONTACTLESS

Nºtarxeta: 600701*****1130
DDF: A0000000021020
Ent.Aut.: CECA TCP

Tarxetas BSCH

Comercio: S/N: 009206665
N.Autorización: 00809074676
NúmeroOperación: 655032 257703
Et.Aplicación: Mastercard
Aid: A00000000
Cod.Resp: 2102000
Data: 13-12-2025
Hora: 17:10:59

Importe: 35,95 EUR

Operación Contactless.
Sinatura non necesaria.



**** I.V.E. INCLUIDO NO PREZO ****
***** GRAZAS POLA SÚA VISITA *****



V153-01/069886

Trans: 40081

ZARA ESPAÑA, S.A. CIF: A-15022510
Avda. de la Diputación - Ed. Inditex
Arteixo - La Coruña

WWW.ZARA.COM

@amaxiadeaprender



ANALIZAMOS UN TICKET

Observa o documento e contesta:

1. Que tipo de texto é?

- Un conto
- Unha noticia
- Unha factura / ticket
- Unha entrada

2. De que tenda é o ticket? _____

3. En que cidade está a tenda? _____

4. En que data se fixo a compra? _____

5. Que aparece na parte superior do ticket? _____

6. Cantos produtos se compraron? _____

7. Que produto aparece no ticket? _____

8. Cal é o prezo do produto? _____

9. Cal é o prezo total da compra? _____

10. Canto é o IVE (imposto)? _____

11. Se non pagáramos o IVE, canto valería o produto? _____

12. Pagouse con tarxeta ou efectivo? _____

13. Se pagas con 50€, canto che devolven? _____

14. A que hora se fixo esta compra? _____

15. Que quere dicir "Sinatura non necesaria"? _____



TICKET

Inventa o teu propio ticket de roupa.



luz

Endesa Energía, S.A. Unipersonal.
CIF A81948077.
C/Ribera del Loira, nº 60 28042 - Madrid.

DATOS DA FACTURA

Nº factura: P24CON025391100
Referencia: 501609004884
Data emisión factura: 02/07/2024
Periodo de facturación: del 11/06/2024 a 27/06/2024 (16 días)
Data de cargo: 09 de xullo de 2024



MARÍA LÓPEZ PÉREZ
DA ESTRADA 23, 88754 TOMIÑO,
PONTEVEDRA

RESUMO DA FACTURA E DATOS DE PAGO

Potencia	10,03 €
Enerxía	6,97 €
Descontos	-0,84 €
Outros	0,60 €
Impostos	4,52 €

Total 21,28 €

(Detalle da factura no reverso)

Forma de pago: Domiciliación bancaria

IBAN: ES**01004**1629990*****

Cod.Mandato: E000209385461699999999

Versión: 0000


O seu pago xustifícase co correspondente apunte bancario

INFORMACIÓN DO CONSUMO ELÉCTRICO

De 11/06/2024 a 27/06/2024 (16 días)

Consumo Total 51,784 kWh

Nesta factura o consumo
saiu en 0.118376€/kWh



Consumo Real
Media

Coste nesta factura 1,33 €/día
Coste últimos 14 meses 1,59 €/día
Consumo último ano 1.600 kWh

As potencias máximas demandadas no último ano foron 0,000 kW en P1 (punta) y 0,000 kW en P3 (valle).
Esta información está dispoñible dende 28/06/2024



ANALIZAMOS UNHA FACTURA

Mira con atención o ticket e responde:

1. Que tipo de texto é? _____

2. De que empresa é a factura? _____

3. A que se adica esa empresa? _____

4. A quen vai dirixida a factura? _____

5. Que información aparece na parte superior? _____

6. Que servizo se está pagando? _____

7. Pagouse o mesmo día que se emitiu a factura? _____

8. Que significa “consumo eléctrico”? Explica coas túas palabras:

9. Cantos kWh (quilovatios hora) se consumiron? _____

10. Busca no documento:

- Potencia contratada: _____
- Período de facturación: _____

11. Cal é o importe total da factura? _____

12. Escribe dous conceptos que se pagan na factura:

13. Se esta factura se paga cada mes, canto se gastaría en 3 meses?

14. Se reduces o consumo á metade, canto pagarías aproximadamente?

15. Que representa o gráfico que aparece? _____

16. En que mes houbo máis consumo? _____

E menos? _____

01 de Decembro de 2025

Páxina 1 de 4

MM1VMLI044**** (18Out - 17 Nov)

Liña: 6**8***91

Titular: Rubén Per*****

54***6**F Rúa Luz 47

44002 Lugo

Rubén Per*****

Rúa Luz 47 44002 Lugo

MM1BML0044*****251201-001-I0-019-013600

CTA- 01



Dunha Ollada

Cuotas mensuales	23,9669 €
------------------	-----------

6**8***91	Tarifa Móvil Ilimitada Max (18 Out a 17 Nov)	23,9669 €
-----------	--	-----------

- Datos móbiles: 50 GB ultrarrápidos5G+(despois, datos ilimitados a 2 Mb sen coste adicional)
- Chamadas nacionais ilimitadas
- SMS nacionais ilimitados

Ten en conta:

- Inclúe roaming en UE, Reino Unido, Noruega, Islandia y Liechtenstein, con un límite de 40 GB/mes
- Chamadas internacionais, de tarificación especial e servizos premium non incluídos

Consumos	0,0000 €
----------	----------

Chamadas	32	95m 27s	0,0000 €
----------	----	---------	----------

Internet	81	13,70 GB	0,0000 €
----------	----	----------	----------

Mensaxes	17		0,0000 €
----------	----	--	----------

Impostos	5,0330 €
----------	----------

Base imponible IVE(21.00 %)	23,9669 €
-----------------------------	-----------

sobre 23,9669 €	5,0330 €
-----------------	----------

Total factura	29,00 €
---------------	---------

Total a pagar	29,00 €
----------------------	----------------

Mandaremos o recibo a túa conta do BANCO SANTANDER, S.A. a partir del 01 de Decembre de 2025

Estamos a tu disposición,
estés donde estés



App Mi Movistar



movistar.es



638 10 1004



1004 gratuito



movistar.es/citaprevia



ASKEY | **MitraStar**

Partners tecnológicos de conectividad de Movistar



ANALIZAMOS UNHA FACTURA

Mira con atención o ticket e responde:

1. Que tipo de texto é? _____

2. A que se adica esa empresa? _____

3. A quen vai dirixida a factura? _____

5. Que información aparece na parte superior? _____

6. Que servizo se está pagando? _____

7. Cantas páxinas ten esta factura? _____

8. Canto se pagou? _____ E cando se pagou? _____

9. Que ten contratado a persoa? _____

10. Cantas chamadas houbo? _____ E mensaxes? _____

11. Por que non se pagou nada por elas? _____

12. Canto se pagou de IVE (impostos)? _____

13. Se non houbera impostos, canto pagaría? _____

14. Como se pagou esta factura? _____

15. Saberías explicar que significa "Roaming"? _____

16. Calcula canto pagarías durante un ano enteiro, mantendo esta tarifa.



3 · 4 · 5 | XULLO | 2025

PORTAMÉRICA

MÚSICA · GASTRONOMÍA · COMUNIDADE



PORTAMÉRICA 2025

3, 4 e 5 de xullo de 2025

María Pérez Álvarez

ENTRADAS DE DÍA PARA ADULTOS (+18 ANOS)

XOVES 3 (40€ g.ge + IVE incl.)

40,00 €

Gastos e IVE incluídos

Azucreira de Portas
Estación, 34
36658 Portas - Pontevedra

Número de entrada : T9702E11746470211457

Número de pedido : C6178E11746470211457

Organizador : ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS S.L.U

CIF : B27786045

66303489769687



Powered by **weezevent**

INSTITUCIONES COLABORADORAS



CONDICIONES DE USO

- **TODOS** los asistentes al Festival, independientemente de su edad, deben acceder en posesión de una entrada válida.
- Entradas **NO NOMINATIVAS**. Figura en ellas el nombre del/a comprador/a pero pueden ser usadas por quien este/a considere oportuno como propietario/a.
- **No será necesario** acudir con hojas de autorización de menores para ser recogidas en el control de accesos del evento.
- En todos los casos recuerda que debes acudir al evento en posesión de una entrada válida y traer a mano tu DNI que podrá ser requerido en cualquier momento.
- Las entradas **no son reembolsables** salvo cancelación del evento.
- **Queda terminantemente prohibida la reventa de esta entrada** así como la inclusión en sorteos o promociones no autorizadas por el promotor de este evento.
- La Organización se exime de cualquier responsabilidad respecto a las anomalías que pudieran surgir durante el pedido, la gestión o impresión del e-ticket en la medida en que no las ha causado intencionalmente o cuando se producen tras la negligencia del comprador en caso de pérdida, robo o uso fraudulento, incluso ilícito de la entrada.

CONTROL DE ACCESO

El organizador realizará una lectura digital de las entradas para comprobar su validez. Podrás presentar tu entrada en el móvil o impresa (el QR debe imprimirse sin defectos). También se puede requerir la presentación del DNI.

Cuando presentes tu entrada para ser leída en el control de acceso del festival, **si el resultado es correcto y la entrada es válida te colocaremos una pulsera** que a partir de ese momento será su equivalente y el medio que **te dará derecho de acceso al festival**.

Podrás entrar y salir las veces que desees. **No se puede intercambiar ni ceder a otras personas**. Si el equipo de seguridad detecta que ha sido manipulada o enmendada podrá expulsarte del recinto. **No se pueden recoger pulseras para terceras personas, a quien presente una entrada válida** le colocamos la suya y debe permanecer con ella hasta el final del festival.

Además, para que tu entrada sea válida, no debe haber sido objeto de un impago (tarjeta bancaria bloqueada, pago rechazado, etc.), ya que se desactivará automáticamente el código de barras.

El comprador es el único responsable del uso que se hace de sus entradas, de modo que en caso de pérdida, robo o duplicado de una entrada válida, sólo podrá acceder al evento la primera persona que presente dicha entrada.

DERECHO DE ADMISIÓN

La Organización denegará el acceso al recinto al usuario si concurren ciertas circunstancias. Estas son las más destacadas:

- El usuario manifiesta una actitud violenta, molesta o que incite públicamente al odio, la violencia, o la discriminación por motivos de nacimiento, raza, sexo, religión, opinión, discapacidad, orientación sexual, identidad de género o cualquier otra condición o circunstancia social y/o personal, y, en especial, al portador que se comporte de manera agresiva, violenta, molesta y/o provoque disturbios en el exterior, en la entrada y/o en el interior, al que lleve armas u objetos susceptibles de ser utilizados como tales y al que lleve ropas, objetos y/o símbolos que inciten a la violencia o supongan apología de actividades contrarias a los derechos funda mentales reconocidos en la ley y la Constitución. • El usuario presenta síntomas de embriaguez, intoxicación (aparente o potencial) y/o de estar consumiendo o haber consumido drogas y/o sustancias estupefacientes.
- El ejercicio del derecho de admisión no comportará, en ningún caso, la denegación de acceso al portador por razones de nacimiento, raza, sexo, religión, opinión, discapacidad, orientación sexual, identidad de género o cualquier otra circunstancia o condición personal o social.

Por motivos de seguridad **no estará permitido entrar al recinto con**: Cascos de moto, maletas, bolsas o mochilas de grandes dimensiones | Envases congelados, que puedan resultar objeto contundente | Pancartas y/o banderas que inciten a la violencia | envases de cristal o metálicos | Bebidas con la excepción de envases plásticos de agua sin tapón hasta 50cl. | Cualquier clase de bebidas alcohólicas, así como estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes, o sustancias análogas | Palos selfie, paraguas, drones y punteros láser | Nevera o bolsa con varios productos de alimentación | Grabadoras de audio, de video y/o cámaras réflex (salvo prensa debidamente acreditada) | Armas de cualquier clase o cualesquiera objetos que pudieran ser usados como tales o artefactos peligrosos para la integridad física de las personas, así como petardos, cohetes y toda clase de artículos pirotécnicos que puedan producir ruidos o incendios.

Con el objeto de contribuir a garantizar la seguridad de los asistentes, el personal de seguridad privada del concierto podrá efectuar, entre otras actuaciones, controles de identidad o de objetos personales en el acceso o en el interior del recinto, conforme a lo previsto en la Ley 5/2014, de 4 de abril, de Seguridad Privada.

La Organización podrá denegar el acceso o expulsar del recinto al usuario que incumpla las presentes condiciones o las instrucciones impartidas por el personal de la Organización, así como en caso de que pueda racionalmente presumirse que va a implicar una situación de riesgo o peligro para el propio usuario u otros asistentes, por alboroto o por estados de intoxicación aparente o potencial, responsabilizándose personalmente el usuario en todos los casos con sus propias acciones y omisiones que causen lesiones a terceros o daños a las cosas.

EL EVENTO

El evento es de la exclusiva responsabilidad del Organizador y por tanto la adquisición de esta entrada conlleva la aceptación del reglamento interno del Organizador. A los efectos de lo dispuesto por la Ley Orgánica 1/1982, de 5 de mayo, sobre protección civil del derecho al honor, a la intimidad personal y familiar y a la propia imagen, se le informa de que su acceso al recinto y asistencia al evento implica el consentimiento y autorización expresas para la captación, reproducción, distribución y publicación de su imagen, incluso para fines promocionales, publicitarios y/o comerciales, y a través de cualquier medio, incluidos los medios electrónicos. Los participantes ceden los derechos de su propia imagen, derivados de su asistencia al evento, para la realización de materiales audiovisuales en cualquier tipo de soportes (incluidos medios electrónicos) y para su utilización, explotación y difusión por cualquier procedimiento de reproducción técnica o sistema de explotación de imagen y sonido. Esta cesión se realiza a título gratuito y sin limitación temporal, ni territorial alguna, a favor de la promotora y a favor de los medios de comunicación y prensa autorizados en el event



ANALIZAMOS UNHA ENTRADA

Observa a entrada ao evento e responde:

1. Que tipo de texto é? _____

2. Quen mercou esta entrada? _____

3. Que poderá ver no evento? _____

4. Para que día/s é a entrada? _____

5. Que días se celebra este evento? _____

6. Onde se celebra o PortAmérica? _____

7. Canto custa a entrada para un día? _____

E se foses os tres días? _____

8. Quen organiza este evento? _____

9. Imaxina que ides 5 amigas... canto valerían todas as entradas? _____

10. Poderías asistir ao evento ti con esta entrada? Explica a túa resposta.

11. Ademais de música... que podes facer neste evento? _____



RETIRADA DE EFECTIVO

CAIXEIRO: 0049.5230.20

DATA: 04/02/2026

HORA: 15:32

OPERACIÓN: 9471

AUTORIZACIÓN: 6F0CBD

TARXETA: *****99

APLICACIÓN: A0000000041010

MASTERCARD

OPERACIÓN SEN CONTACTO

IBAN: ES ** ***** ***9 ***** *9

IMPORTE: 140,00EUR

Gracias por confiar en nós!



ANALIZAMOS UN EXTRACTO

Observa o documento e contesta:

1. Que tipo de texto é?

- Unha factura
- Un extracto bancario
- Un ticket
- Unha entrada

2. Que nos indica este documento? _____

3. A que hora se emitiu este documento? _____

4. En que data se emitiu? _____

5. Cal é a cantidade de diñeiro que se quitou? _____

6. A que banco pertence este extracto? _____

7. Houbo que meter a tarxeta para quitar os cartos? Por que o sabes? _____

8. Que outras entidades bancarias coñeces? _____

9. Onde se produxo a retirada de diñeiro, nunha sucursal ou nun caixeiro automático? _____

10. Que billetes lle puideron dar a esta persoa para completar esta cantidade? _____



Num. Billete: 7061900726425

Localizador: 72KNVB

Tarifa ADULTO

renfe



Saída	OURENSE	29/01/2017	29/01/2017	Turista Plaza: 191
Chegada	SANTIAGO C	Total: 16,60 €	IVE(10%) 1,51 €	18:00
AVANT	09570	Gastos de xestión: 0.00 €		18:38
Coche	3			

T. C.: 554390*****4508

Cerre do acceso ao tren 2 minutos antes da saída

10:58:46 27/01/2017

Aceso Sala Club con Tarxeta +Renfe Premium



Tasa de Seguridad, S.O.V., S.R.C. e I.V.A. Incluidos 0605261325 C.I.F.: A86868189

Manteña a integridade de toda a folla, sen cortar ningunha das zonas impresas.



09570 22100-31400 29/01/2017 Turista 3-191 410 16,60 €

7061900726425 Id. Compra 72KNVB



@amaxiadeaprender

ANALIZAMOS UN BILLETE DE TREN



Observa o documento e contesta:

1. Que tipo de texto é?

- Un billete de tren
- Un billete de avión
- Un extracto bancario
- Unha entrada

2. Para que día se mercou este billete? _____

3. De onde saíu? _____

4. A onde se dirixía? _____

5. Canto custou este billete? _____

6. Viaxaba un adulto ou un neno? _____

7. Cal era a praza da persoa que viaxaba no tren? _____

8. En que vagón viaxou? _____

9. Canto tardou en chegar o tren ao destino? _____

10. Canto se pagou de gastos de xestión? _____

11. Cal é o IVE para as viaxes en tren? _____

12. Con que compañía de tren viaxou esta persoa? _____

13. Calcula canto custarían os billetes para catro amigos? _____

14. Que clase de praza era a que se mercou? _____

15. Canto tempo antes pechan o acceso ao tren? _____



BILLETE DE TREN

Inventa o teu propio billete de tren. Lembra escribir todos os datos importantes.

NOME
RUBÉN LÓPEZ LÓPEZ

ORIXE SCQ	DESTINO SVQ	BN 0007	
DATA 22/09/2024	HORA 06:35 H	ASENTO 11F	Nº VOO VY6009

ES ID-142R



1 UNDERSEAT BAG


BG25

DÓBRAME!



SANTIAGO
SCQ

SEVILLA
SVQ



TERMINAL -- CÓD. RESERVA AÑÑNY ASENTO 11F Ventana

O teu ten unha duración de 1h 25m.



Equipaxe de man

Se a túa tarxeta de embarque leva a etiqueta PRIORITY + CABIN BAG o CABIN BAG + UNDERSEAT, poderás subir contigo 2 pezas de equipaxe de man (maleta de man + bolso baixo o asento). Se levas a etiqueta 1 UNDERSEAT BAG, solo poderás subir a bordo un bolso (que deberá caber debaixo do asento).

O TEU PLAN DE VOO



A túa reserva inclúe unha maleta facturada

Acude aos mostradores para facturar a túa equipaxe.

Se supera o peso máximo contratado, cada kg extra terá un coste adicional.

Alguns aeroportos dispoñen de mostrador de facturación exclusivo (Drop off) para pasaxeiros que realizaron o check-in online. Busca o teu!



ANALIZAMOS UN BILLETE DE AVIÓN



Observa o documento e contesta:

1. Que tipo de texto é?

- Un billete de tren
- Un billete de avión
- Un extracto bancario
- Unha entrada

2. Quen mercou este billete?

3. Para que día e o billete? _____

4. De onde sae o voo e a onde chega? _____

5. Canto dura a viaxe? _____

6. En que asento se debe sentar esta persoa? _____

7. A que hora sae o voo? _____

8. Cal é a compañía de voo? _____

9. Que tipo de equipaxe pode levar o viaxeiro/a? _____

10. A que hora abren os mostradores para a facturación? _____

11. Canto debe estar antes do embarque? _____

12. En que momento debe pasar os controis de seguridade? _____

13. Que pasaría se levara unha maleta máis grande do establecido? _____



BILLETE DE AVIÓN

Inventa o teu propio billete de avión. Lembra escribir todos os datos importantes.



CONTRATO DE TRABAJO



En A Coruña, a 23 de abril de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, a empresa Atlántico Tecnolóxicas S.L., con CIF B-00900432, e domicilio social en Rúa Real, 45, 15003 A Coruña, representada por Dna. Manuela Rodríguez López, en calidade de Directora Xeral.

E doutra parte, D^a María Fernández Gómez, maior de idade, con DNI 00082915X, e domicilio en Avenida de Finisterre, 120, 15004 A Coruña.

EXPOÑEN

Que ambas partes recoñécense capacidade legal suficiente para formalizar o presente contrato de traballo, de acordo coa lexislación laboral vixente.

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do contrato

A persoa traballadora será contratada para desempeñar o posto de Desenvolvedora de Software, realizando tarefas de programación, mantemento de aplicacións e desenvolvemento de solucións tecnolóxicas.

Segunda. Tipo de contrato

O presente contrato ten carácter indefinido, con inicio na data 23 de abril de 2026.

Terceira. Xornada laboral

A xornada de traballo será de 40 horas semanais, distribuídas de luns a venres en horario de 09:00 a 14:00 e de 15:00 a 18:00.

Cuarta. Período de proba

Establécese un período de proba de 6 meses, durante o cal calquera das partes poderá rescindir o contrato sen necesidade de preaviso.

Quinta. Retribución

A persoa traballadora percibirá unha retribución de 28.000 € brutos anuais, distribuídos en 14 pagas.

Sexta. Vacacións

A persoa traballadora terá dereito a 30 días naturais de vacacións anuais, segundo o establecido na normativa aplicable.

Sétima. Extinción do contrato

O contrato poderá extinguirse por calquera das causas previstas na lexislación laboral vixente.


Oitava. Lexislación aplicable

En todo o non previsto neste contrato, aplicarase o disposto no Estatuto dos Traballadores e demais normativa aplicable.

E en proba de conformidade, ambas partes asinan o presente contrato por duplicado exemplar no lugar e data indicados.

A empresa
Asdo.: Manuela Rodríguez López

A persoa traballadora
Asdo.: María Fernández Gómez



2QGY4FG86
051/62/943/01

ICTUS (anatomía de 'A derradeira leición' de Castelao)

venres 17 de abril de 2026, 20:00
Teatro Principal de Ourense - Ourense



PREZO ENTRADA: **12.00 € ***

CIF DISTRIBUIDOR: **G-70270293**

ORGANIZADOR: **Deputación Provincial de Ourense**

CIF ORGANIZADOR: **P3200000B**

TIPO: **Xeral**

ZONA: **2º Andar**

UBICACIÓN: **Fila: 1 Butaca: 24**

REF: **3HRT6RG80C3**

Ataquilla

CONDICIÓN S

- Os nenos menores de 6 anos deberán ocupar: Butaca de patio ou platea.
 - Os nenos de 6 a 10 anos deberán ocupar: Butaca de Patio, Platea ou 1º Andar.
- So se permite o acceso a animais guía.

A adquisición desta entrada significa a aceptación das condicións seguintes:

1. O Organizador non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais, polo que neste caso declina toda responsabilidade e non se permitirá o acceso a todo o recinto a todo portador dunha entrada enmendada, rota ou con indicios de falsificación.
2. Non se admiten cambios nin devolucións.
3. Requírese puntualidade. Non se garantiza o acceso ao espectáculo unha vez iniciado o mesmo.
4. Ao entrar ao recinto, o público pode estar suxeito a un rexistro según a Ley, non permitindo a entrada de obxectos que poidan ser considerados perigosos polo Organizador ou estean prohibidos pola normativa vixente.
5. Resérvase o dereito de admisión.
6. Nos espectáculos teatrales e musicais quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual do espectáculo, non podendo o portador da entrada introducir cámaras fotográficas, de vídeo ou gravadoras, nin filmar ou gravar o mesmo sen autorización escrita do Organizador. Para o resto dos espectáculos actuarase conforme aos acordos e a lexislación vixente en cada caso.
7. Prégase desconectar calquera tipo de aparato electrónico e silenciar as alarmas dos reloxos e os teléfonos móbiles.
8. Fundación Galicia Obra Social, como entidade emisora desta entrada, non asume as obrigacións e responsabilidades que competen ao Organizador e/ou Recinto. Nocaso de suspensión ou cancelación do acto, a devolución do importe quedará supeditada ao previo abono polo promotor a Fundación Galicia Obra Social das cantidades precisas a este efecto.



ANALIZAMOS UNHA ENTRADA

Observa o documento e contesta:

1. Que tipo de texto é?

- Unha entrada concerto
- Un contrato de traballo
- Unha factura
- Unha entrada teatro

2. Cal era a obra? _____

3. En que cidade foi a función? _____

4. Canto custou a entrada? _____

5. Onde estaba situada a butaca? _____

6. Quen organizou este evento? _____

7. Que empresa foi a encargada de vender as entradas? _____

8. Esta entrada é para un neno/a ou para un adulto/a? Xustifica a resposta

9. Poden entrar animais á función? _____

10. Se fose unha cativa de 3 anos, onde se debería sentar? _____

11. Que día e a que hora foi a función? _____

12. Pódese cambiar a entrada para outro día? _____



ANALIZAMOS UN CONTRATO DE TRABAJO

Observa o documento e contesta:

1. Que tipo de texto é?

- Unha entrada
- Un contrato de traballo
- Un extracto bancario
- Unha factura

2. Cando se asinou este contrato? _____

3. A que se contratou? _____

4. Quen contrato a esta persoa? De que empresa é? _____

5. Que traballo vai desempeñar? _____

6. Que tipo de contrato é? _____

7. Que quere dicir 14 pagas? _____

8. Cal é o horario da persoa contratada? _____

9. Explica a cláusula cuarta.

10. Fíxate na frase “ambas partes asinan o presente contrato por duplicado”. Por que se ten que asinar un contrato por duplicado?



FROIZ

súper da casa

De 28 de abril ao 13 de maio 2026

Calidade ao mellor prezo



~~5,85€~~

4,89€
kilo

Costeleta de lomo
de porco kg



~~4,59€~~

3,95€
kilo

Tomate
Ovo de touro
kg



~~2,79€~~

2,45€

Mexilón kg



~~4,59€~~

4,09€

Aceite de
oliva Coosur
0,4º
1 L



~~13,95€~~

7,49€
0,10€/lavado

Deterxente
Dixan xel azul
72 lavados





ANALIZAMOS UNHAS OFERTAS

Observa o documento e contesta:

1. Que tipo de texto é?

- Unha factura
- Un folleto
- Un ticket
- Unha entrada teatro

2. De que supermercado son estas ofertas? _____

3. Para cando son as ofertas? _____

4. Se mercas un kg de costeletas, canto valen? _____

5. Cal é o produto máis barato? _____

6. E máis caro? _____

7. Que alimentos están en oferta? _____

8. Para cantos lavados da ese deterxente?

9. Se merco 2kg de mexilóns, canto me custan? _____

10. De que variedade é o tomate? _____

11. Cal é o lema deste supermercado? _____


12. Canto baixou de prezo o tomate? E o deterxente?

13. Cal é a mellor oferta? _____



FOLLETO DE SUPERMERCADO

Inventa o teu propio folleto de supermercado. Con ofertas increíbles!



2QGD34XHA
096/84/903/01

NOITES DE RETRANCA – Celso Fernández Sanmartín, Quico Cadaval, Mofa e Befá

venres 16 de xaneiro de 2026, 21:00
Auditorio Municipal de Ourense - Ourense



TOTAL: **18.71 €**

PRECIO ENTRADA: **17.00 €** * 15.45 € + IVE 10% 1.55 €

GASTOS DE GESTIÓN: **1.71 €** 1.41 € + IVE 21% 0.30 €

CIF DISTRIBUIDOR: **G-70270293**

ORGANIZADOR: **Rababiero Promocións Artísticas, SI**

CIF ORGANIZADOR: **B70249719**

TIPO: **Xeral** ZONA: **Platea Central**

UBICACIÓN: **Fila: 8 Butaca: 16**

REF: **3HRJYTHY00**

Ataquilla

CONDICIÓN S

A adquisición desta entrada significa a aceptación das condicións seguintes:

1. O Organizador non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais, polo que neste caso declina toda responsabilidade e non se permitirá o acceso a todo o recinto a todo portador dunha entrada enmendada, rota ou con indicios de falsificación.
2. Non se admiten cambios nin devolucións.
3. Requírese puntualidade. Non se garantiza o acceso ao espectáculo unha vez iniciado o mesmo.
4. Ao entrar ao recinto, o público pode estar suxeito a un rexistro según a Ley, non permitindo a entrada de obxectos que poidan ser considerados perigosos polo Organizador ou estean prohibidos pola normativa vixente.
5. Resérvase o dereito de admisión.
6. Nos espectáculos teatrales e musicais quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual do espectáculo, non puidendo o portador da entrada introducir cámaras fotográficas, de vídeo ou gravadoras, nin filmar ou gravar o mesmo sen autorización escrita do Organizador. Para o resto dos espectáculos actuarase conforme aos acordos e a lexislación vixente en cada caso.
7. Pégase desconectar calquera tipo de aparato electrónico e silenciar as alarmas dos reloxo s e os teléfonos móbiles.
8. Fundación Galicia Obra Social, como entidade emisora desta entrada, non asume as obrigacións e responsabilidades que competen ao Organizador e/ou Recinto. No caso de suspensión ou cancelación do acto, a devolución do importe quedará supeditada ao previo abono polo promotor a Fundación Galicia Obra Social das cantidades precisas a este efecto.



ANALIZAMOS UNHA ENTRADA

Observa o documento e contesta:

1. Que tipo de texto é?

- Unha entrada concerto
- Unha entrada a un monólogo
- Unha factura
- Unha entrada teatro

2. Que día e a que hora foi a función? _____

3. Como se chama a función? _____

4. Quenes a representan? _____

5. Onde se representa esta obra? _____

6. Que empresa vendeu esta entrada? _____

7. Canto custou a entrada? _____

8. Se non pagásemos impostos e gastos de xestión...canto custaría a entrada?

9. Canto é o IVE para os espectáculos culturais? _____

10. Onde está situada a butaca? _____

11. Se chegas 15 minutos tardes, poderías pasar? _____

12. Poderías gravar esta función? Xustifica a túa resposta

Bono Regalo



GranTalasoHotel
Sanxenxo
★★★★

Bono

120000

Data de emisión

30/04/2026

Para

Bono 1: Pérez Pérez Maruxa

Dedicatoria:

Parabéns polo teu 30 aniversario!

Permitiralle desfrutar dos seguintes servizos

DAS NOSAS MASAXES. MASAXE RELAX XERAL

Masaxe de corpo enteiro, para aliviar a tensión.

Duración 40 minutos.

Cantidad: 1

Condicións do Bono

- 1.- Validez xeral dos Bonos Regalo: Un ano. *Se o programa adquirido no bono regalo especifica datas diferentes de validez ás xerais aplicaranse estas. Validez das Tarxetas regalo sen alojamiento: todo ano a consultar datas co hotel.
- 2.- Imprescindible reserva previa no 986 691 111, indicando o nº de bono e o titular.
- 3.- Os bonos son un documento ao portador, o Gran Talaso Hotel Sanxenxo non se responsabiliza da súa perda ou sustracción.
- 4.- Todas as reservas están suxeitas a dispoñibilidade do hotel. Non se admitirán devolucións nin cancelacións. Os Bonos non son en ningún caso canxeables por diñeiro.
- 5.- Enténdese por sesión de Spa Marino o tempo que o cliente utiliza as instalacións, sen saír do Centro de Talasoterapia. Unha vez fora do centro, se o cliente desexa volver a utilizar este servizo, o hotel poderá computalo como outra sesión. Uso de gorro obrigatorio.
- 6.- Nenos menores de 12 anos deberán permanecer acompañados dun adulto responsable dos mesmos e respectando os horarios de uso infantil. Os nenos entre 12 e 18 anos deberán ir acompañados dun adulto responsable dos mesmos.
- 7.- Tratamentos: Informamos que para os tratamentos deberán solicitar cita previa no noso Centro de Talasoterapia. Recomendamos que se presente 10 minutos antes da hora reservada.

+34 986 691 111 · reservas@hotelsanxenxo.com · www.hotelsanxenxo.com



@amaxiadeaprender



ANALIZAMOS UN BONO

Observa o documento e contesta:

1. Que tipo de texto é?

Unha factura

Un ticket

Un folleto

Un bono regalo

2. De onde é o Bono? _____

3. En que data se mercou? _____

4. A quen pertence? _____

5. Cantas validez ten? _____

6. Por que lle regalaron este bono a esta persoa? _____

7. En que consiste este regalo? _____

8. Canto dura o regalo? _____

9. Hai que pedir cita para poder asistir? Por que o sabes?

10. Cantas estrelas ten este hotel? _____

11. A que cidade/vila debes ir para recibir o agasallo? _____

12. Que bono regalo che gustaría recibir a ti? _____



BONO REGALO

Pensa nun bono regalo para agasallar a unha amiga, amigo ou a algún membro da túa familia!

A large empty rounded rectangular box for writing a gift idea.



INFORMACIÓN NUTRICIONAL

Valores medios por 100 ml

Valor enerxético	192 kJ 46 kcal
Graxas das cales saturadas	1,6 g 1,0 g
Hidratos de carbono dos cales azucres	4,8 g 4,8 g
Proteínas	3,2 g
Sal	0,10 g
Calcio	120 mg (15% VRN*)

*VRN: Valores de Referencia de Nutrientes

INGREDIENTES:

Leite semidesnatado de vaca.

CONSERVACIÓN:

Conservar no frío (entre 1°C e 6°C).
Unha vez aberto, conservar na neveira
e consumir antes de 3-4 días.

ES
15.00042/LU
CE



O leite é fonte natural de calcio,
necesario para o mantemento
de ósos e dentes en condicións normais.



ANALIZAMOS UNHA ETIQUETA

Observa a entrada ao evento e responde:

1. Que tipo de texto é? _____

2. A que alimento pertence esta etiqueta? _____

3. Cales son os seus ingredientes? _____

4. Cantas graxas ten? _____

5. E hidratos de carbono? _____

6. Ten azucre? _____

7. Que cantidade de sal ten este alimento? _____

8. Os valores nutricionais equivalen ao litro? _____

9. Onde se debe conservar unha vez aberto? _____

10. Que é o que máis aporta este alimento? _____

11. Canto debemos ter aberto este brick, como máximo? _____

12. Calcula os valores nutricionais nun paquete de 6 litros.



EXEMPLO, S.L.

Rúa das Camelias, 35
15701 Santiago de Compostela
A Coruña
CIF: B-15.123.456

NÓMINA

XUÑO 2024

DATOS DA EMPRESA

EXEMPLO, S.L.
Rúa das Camelias, 35
15701 Santiago de Compostela
A Coruña
CIF: B-15.123.456
CCC: 0111 2222 33 4444444444

DATOS DA PERSOA TRABALLADORA

Maria López Souto
NIF: 12345678X
Nº Afiliación á Seguridade Social: 15/12345678/90
Grupo de cotización: 7
Categoría profesional: Administrativa
Antigüidade: 15/03/2019

PERÍODO DE LIQUIDACIÓN	TOTAL DÍAS	DATA DE INGRESO	Nº NÓMINA
Do 01/06/2024 ao 30/06/2024	30	28/06/2024	6/2024

I. DEVENGOS	CONCEPTO	CANTIDADE	IMPORTES
1. Percepcións salariais			
	Salario base	30 días	1.200,00 €
	Complemento persoal	30 días	300,00 €
	Complemento posto de traballo	30 días	250,00 €
2. Percepcións non salariais			
	Plus transporte	30 días	60,00 €
	Plus distancia	30 días	40,00 €
	TOTAL DEVENGOS		1.850,00 €

II. DEDUCIÓN	CONCEPTO	IMPORTES	
1. Aportacións da persoa traballadora ás cotizacións á Seguridade Social e conceptos de recadación conxunta			
	Continxencias comúns	4,70 %	86,95 €
	Desemprego	1,55 %	28,68 €
	Formación profesional	0,10 %	1,85 €
	Fondo de garantía salarial	0,20 %	3,70 €
2. IRPF		9,00 %	148,50 €
	TOTAL DEDUCIÓN		269,68 €

LÍQUIDO TOTAL A PERCIBIR (I - II)	1.580,32 €
* IMPORTE LÍQUIDO A PERCIBIR POR TRANSFERENCIA BANCARIA	
IBAN: ES12 2100 1234 56 1234567890	

BASES E TIPO DE COTIZACIÓN	BASE	TIPO	APORTACIÓN EMPRESA
Continxencias comúns	1.850,00 €	23,60 %	436,60 €
Accidentes de traballo e enfermidades profesionais	1.850,00 €	1,50 %	27,75 €
Desemprego	1.850,00 €	5,50 %	101,75 €
Formación profesional	1.850,00 €	0,60 %	11,10 €
Fondo de garantía salarial	1.850,00 €	0,20 %	3,70 €
	TOTAL APORTACIÓN EMPRESA		580,90 €



ANALIZAMOS UNHA NÓMINA

Observa e responde:

1. Que tipo de texto é? _____

2. Explica que é unha nómina.

3. De que mes é? _____

4. Cal é a empresa? _____

5. É a persoa traballadora? _____

6. Cando se lle pagou? _____

7. Canto cobrou? _____

8. Canto cobrou de “pluses”? _____

9. Canto lle descontan de IRPF (Imposto sobre as Renditas das Persoas Físicas)?

10. A través de que método ou canle cobra? _____

11. Calcula canto cobraría ao final do ano, se tivera 14 pagas.

CONTRATO DE ARRENDAMENTO



En Ourense, a 1 de maio de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Uxía López Fernández, maior de idade, con DNI 12345678A, e domicilio en Rúa do Progreso nº 45, 3º A, 32003 Ourense (en diante, a parte arrendadora).

E doutra parte, D. Xoán Pérez Rodríguez, maior de idade, con DNI 87654321B, e domicilio en Avenida de Zamora nº 12, 2º B, 32005 Ourense (en diante, a parte arrendataria).

Ambas partes recoñécense capacidade legal suficiente para formalizar o presente contrato e,

EXPOÑEN

Que a parte arrendadora é propietaria da vivenda situada en Rúa do Paseo nº 10, 4º C, 32003 Ourense, que se atopa en condicións de habitabilidade.

Que a parte arrendataria está interesada en arrendar dita vivenda para o seu uso como residencia habitual.

En consecuencia,

ACORDAN

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

A parte arrendadora cede en aluguer á parte arrendataria a vivenda descrita anteriormente, que consta de salón, cociña, dous dormitorios e un baño, completamente amoblada e equipada con electrodomésticos básicos.

Segunda. Duración

O prazo de duración do presente contrato será de 1 ano, comezando o día 1 de maio de 2026 e rematando o 30 de abril de 2027.

O contrato poderá prorrogarse por períodos anuais, conforme á lexislación vixente.

Terceira. Renda

A renda anual establécese en 7.200 euros (€), que a parte arrendataria aboará en mensualidades de 600 euros (€), dentro dos primeiros 5 días de cada mes mediante transferencia bancaria á conta ES12 3456 7890 1234 00000 9012.

Cuarta. Fianza

A parte arrendataria entrega neste acto a cantidade de 600 euros (€) en concepto de fianza legal, equivalente a unha mensualidade de renda.

Quinta. Gastos

Serán por conta da parte arrendataria os gastos derivados de subministracións (auga, luz, gas e internet).

Os gastos de comunidade e o Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) serán por conta da parte arrendadora.

Sexta. Conservación da vivenda

A parte arrendataria comprométese a conservar a vivenda en bo estado, realizando as pequenas reparacións derivadas do uso ordinario. Non poderá realizar obras nin modificacións sen o consentimento expreso da parte arrendadora.

Sétima. Uso da vivenda

A vivenda destinarase exclusivamente a residencia habitual da parte arrendataria.

Oitava. Resolución do contrato

O incumprimento de calquera das cláusulas dará dereito á outra parte a resolver o contrato, conforme á normativa aplicable.

E en proba de conformidade, asinan o presente contrato por duplicado exemplar, no lugar e data indicados.

A PARTE ARRENDADORA
Uxía López Fernández

A PARTE ARRENDATARIA
Xoán Pérez Rodríguez



ANALIZAMOS UN CONTRATO DE ALUGUER

Observa o documento e contesta:

1. Que tipo de texto é? _____

2. En que cidade e data se asinou o contrato? _____

3. Quen é a parte arrendadora? _____

4. Quen é a parte arrendataria? _____

5. Cal é o enderezo da vivenda obxecto do aluguer? _____

6. Que estancias e características ten a vivenda? _____

7. Cal é a duración inicial do contrato? _____

8. Cal é o importe da renda mensual? _____

9. De que forma e en que prazo debe pagarse a renda?

10. Cal é a cantidade entregada como fianza? _____

11. Por que debe pagarse unha fianza. Explica. _____

12. Pode a parte arrendataria facer obras na vivenda? En que condicións?

13. Que gastos asume a parte arrendadora? _____

Desde 1998



Cociña galega
de calidade

RESTAURANTE
A MARIÑA

Produtos do mar e da terra

PARA COMPARTIR

Pan con tomate	2,00 €
Empanada do día	3,20 €
Zamburiñas á prancha (6 und.)	12,00 €
Polbo á feira	14,50 €
Mexillóns ao vapor	9,50 €
Croquetas caseiras (8 und.)	8,50 €
(xamón / cocido)	

ENTRANTES

Ensalada mixta	6,50 €
Ensalada de tomate e ventresca	10,50 €
Lacón con grelos	9,80 €
Crema de marisco	7,50 €
Sopa do día	5,50 €

PRATOS DE PEIXE

Merluza á galega	14,50 €
Rodaballo á prancha	18,50 €
Salmón á prancha	13,50 €
Bacallau con pisto	14,00 €
Linguado á prancha	16,00 €

PRATOS DE CARNE

Churrasco de tenreira	13,50 €
Entrecot de vaca	16,50 €
Costela de porco á grella	12,00 €
Coquelet ao forno	11,50 €
Solombo de porco ao cabrales	13,00 €

ARROCES E PASTAS

Arroz con marisco (mín. 2 pax)	16,00 €/pax
Arroz negro con chipiróns (mín. 2 pax)	15,00 €/pax
Fideuá de peixe (mín. 2 pax)	14,00 €/pax
Lasaña caseira	10,50 €

POSTRES

Tarta de queixo con marmelo	4,50 €
Tarta de Santiago	4,50 €
Arroz con leite	4,00 €
Filloas recheas de nata ou chocolate	4,50 €
Xeado artesanal	4,00 €



MENÚ DO DÍA


De luns a venres (agás festivos)

1º prato
2º prato
Postre ou café
Pan e bebida

13,50 €

BEBIDAS

Viño da casa (Copa)	2,00 €
Viño da casa (Barrica)	7,00 €
Refrescos	2,20 €
Cerveza	2,20 €
Augas e zumes	2,00 €

IVA INCLUÍDO 

GRAZAS POLA SÚA VISITA

@amaxiadeaprender



ANALIZAMOS UN MENÚ

Observa o documento e contesta:

1. Que tipo de texto é? _____

2. Como se chama o restaurante que aparece no menú? _____

3. Que tipo de produtos ofrece? _____

4. Canto custa o “menú do día”? _____

5. Que inclúe o menú do día? _____

6. Cal é o prezo das croquetas caseiras? _____

7. Que prato de peixe é o máis caro? _____

8. Canto custa a “lubina á galega”? _____

9. Hai opcións de ensaladas? Menciona unha. _____

10. Cal é o prezo da sopa do día? _____

11. Que pratos de carne aparecen no menú? Nomea dous. _____

12. Que sobremesas se ofrecen? Nomea unha. _____

13. Que bebidas aparecen na carta? Nomea dúas. _____

14. Que significa que o arroz é para “2 pax”?

15. En que ano se abriu este restaurante? _____

16. Elixe un primeiro, un segundo, unha sobremesa e unha bebida que che gustaría da carta.



XEL DE DUCHA HIDRATANTE



Aloe vera e camomila

COIDA E PROTEXE A TÚA PEL
TODOS OS TIPOS DE PEL



HIDRATACIÓN INTENSA
Deixa a pel suave e fresca



FÓRMULA SUAVE
Respectuosa coa pel



USO DIARIO
Apto para toda a familia



AROMA FRESCO E RELAXANTE
Benestar natural

MODO DE USO

Aplicar sobre a pel húmida, masaxear ata facer espuma e aclarar con abundante auga.

INGREDIENTES

Aqua, Sodium Laureth Sulfate, Cocamidopropyl Betaine, Aloe Barbadensis Leaf Extract, Chamomilla Recutita Extract, Glycerin, Parfum, Sodium Chloride, Citric Acid, Sodium Benzoate, Potassium Sorbate.

PRECAUCIÓN

Evitar o contacto cos ollos. En caso de contacto, aclarar con auga abundante. Manter fóra do alcance dos nenos.

500 ml e



FABRICADO EN
GALICIA
Galicia, España



8 436658 732019



ANALIZAMOS UNHA ETIQUETA

Observa e responde:

1. Que tipo de texto é? _____

2. Cal é o nome do produto que aparece na etiqueta? _____

3. Que tipo de produto é (para que se usa)? _____

4. Cales son os principais ingredientes naturais mencionados?

5. Que beneficios promete este xel de ducha para a pel?

6. Para que tipo de pel está recomendado o produto?

7. Que significado ten a presenza de aloe vera e camomila na fórmula?

8. Cal é o modo de uso indicado na etiqueta? _____

9. Que precaucións se deben ter ao usar este produto? _____

10. Cantos mililitros contén o envase? _____

11. Onde foi fabricado este xel de ducha? _____

12. Que sensación promete deixar na pel segundo a etiqueta?

13. Cantas veces á semana se pode usar? _____

14. Pódeno usar os nenos/as sen a presenza dun adulto? _____